

OCIO & CULTURA

Escritora Galega Universal, premio AELG Lidia Jorge: «Non temos a Verdi, temos a Zeca»

A escritora salienta a gran fondura do himno «Grándola vila morena»

Rodri García | A Coruña / La Voz | 4/5/2013

Fraternidade. É a palabra a súa palabra chave. Cando asoma a emoción aos seus ollos falando de «Grándola, vila morena / terra da fraternidade...». Cando explica que para ela «a fraternidade é parte da beleza». Cando defende a fraternidade que debería haber entre escritores portugueses e galegos. A escritora Lidia Jorge (Boliqeime-Portugal, 1946) recibe hoxe, no centro Ágora de A Coruña a partir das oito da tarde, o premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) como Escritora Galega Universal. A distinción foille concedida «como autora que combina a excelencia literaria co compromiso ético que a converte en referente na defensa da dignidade humana».

-Premian que é vostede boa persoa...

-iNon! Díxose que eu me intereso pola cuestión cívica e polo tanto interveño, son de ese tipo de escritores nerviosos que non consegue separar o feito de ser escritora da fraternidade. Eu non defendo que todos os escritores o fagan. Aprendín dos libros que a fraternidade é parte da beleza e por iso non concibo ser indiferente a ela.

-¿Que supón este premio?

-É unha especie de chamada á miña conciencia dunha parcería con Galicia que está por facer. Nunca fixen nada polos escritores galegos. Este premio foi unha chamada na miña porta para dicirme: eles estímante a ti. Esta é unha forma de unión que nos aproxima e síntome feliz de inscribirme nesta comunidade de escritores.

-¿Están moi separados os autores lusos e galegos?

-Non, cando nos encontramos sentímonos como na casa, mais non loitamos uns polos outros como debería ser. Cando me encontro con Manuel Rivas falamos de literatura, sobre os textos, máis que dos lugares onde escribimos.

-¿Le aos autores galegos actuais?

-Si, por no falar da gran paixón que eu tiven por Torrente Ballester. Foi un dos escritores que coa súa obra e o seu imaxinario axudoume a ver que eu podía aproveitar o imaxinario local -eu son do sur de Portugal- e transformalo nunha cousa literariamente válida. Foi o que fixo Torrente no seu tempo, foi extraordinario, sobre o imaxinario local creou unha temperatura estética tan elevada que suplanta o local e iso foi fantástico. Torrente é un escritor que está moi presente na miña vida. Sei que en Galicia hai grandes poetas pero eu interésome pola narrativa.

-¿Que supón que os portugueses volvan a cantar agora «Grándola, vola morena» tantos anos despois?

-É un sinal moi positivo e, por outro lado, moi negativo. O positivo é que aquel símbolo de fraternidade ao final non morreu como nos pensabamos. É magnífico ver que os xoves volveron a ese símbolo no que a palabra máis importante é fraternidade. Toda a xente canta *Grándola* coas lágrimas nos ollos e iso significa que ese é un recurso salvador para nós e acontece porque existe unha traxedia en Portugal. Europa arrependirase do que nos está a facer. É o temperamento do portugués, capacidade de resistencia, que non é pasividade. *Grándola* é o noso *Va pensiero*. Non temos un Verdi, mais tivemos felizmente un Zeca Afonso que a interpretou de forma tan especial.